



INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA

Delegación Provincial de
Ourense

SR. ALCALDE-PRESIDENTE
CONCELLO DE VIANA DO BOLO
RÚA DA CONSTITUCIÓN, 14
32550 VIANA DO BOLO

Ourense, 7 de febreiro de 2022

Comunícolle que o Instituto Nacional de Estadística (INE), dentro do programa de enquisas dirixidas aos fogares, está a realizar a **Enquisa de Poboación Activa na sección 01-001** deste concello.

Esta enquisa ten como obxectivo reflectir a situación real do mercado laboral e fornecer información das características laborais da poboación do noso país, comparable á obtida no resto de países da Unión Europea. **Publícanse datos do número de persoas ocupadas** e a súa situación profesional, **número de persoas en paro**, etc, **por idades, sexo**, nivel de estudos, zona xeográfica e actividade, o que permite ás distintas Administracións Públicas, nacionais e comunitarias, planificar e valorar as políticas sociais e económicas.

Para cumprir con estes obxectivos **vaise requirir información dun número reducido de vivendas do seu concello**. Habitualmente esta enquisa realízase en visita persoal pero, dadas as actuais circunstancias sanitarias, realizarase por teléfono, visitando só a aquelas vivendas coas que non foi posible contactar (sempre que a incidencia sexa baixa). En breve, **as vivendas seleccionadas serán contactadas por unha das nosas entrevistadoras**, quen lles formulará unha serie de preguntas necesarias para a realización desta investigación.

Con esta carta queremos solicitarlle a súa colaboración ante as posibles consultas dos cidadáns, para que os informe do **carácter oficial e obrigatorio** desta enquisa, recollida no Plan Estatístico Nacional, e facilite así o traballo dos entrevistadores deste Instituto.

Finalmente indícolle o **teléfono gratuito** para esta enquisa, **900 352 207** onde poden chamar, de 9:00h a 14:30h, para consultar calquera dúbida que se lle presente.

Agradecendo de antemán a súa valiosa colaboración, saúdoo atentamente,

A Delegada Provincial

Asdo.: M^a Isabel Fariñas Pérez

C/ SALVADOR DALÍ, 13-15
32002 OURENSE ESPAÑA
TELÉF. 988510122 – FAX 988210989

CSV : GEN-ecb2-3930-485f-2492-ed01-80a5-5150-1c9d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL FARIÑAS PEREZ | FECHA : 08/02/2022 13:56 | Sin acción específica





Encuesta de Población Activa

¿Para qué sirve esta Encuesta?

La Encuesta de Población Activa es una investigación continua y de periodicidad trimestral dirigida a las familias, realizada por el INE desde 1964. Su finalidad principal es obtener datos de la fuerza de trabajo y de sus diversas categorías (ocupados/as, parados/as), así como de la población ajena al mercado laboral (inactivos/as).

¿Cómo se han seleccionado las viviendas?

Las viviendas han sido seleccionadas por el INE siguiendo un procedimiento estrictamente aleatorio, es decir, al azar. De esta forma todos los hogares tienen la misma probabilidad de ser incluidos en la muestra. Por el mismo motivo la muestra sólo es representativa si colaboran los hogares elegidos, sin omisiones.

La muestra la forman unas 70.000 hogares, representativas por provincias, comunidades autónomas y a nivel nacional. Cada vivienda representa, por término medio, a 200 viviendas.

¿Qué es el Instituto Nacional de Estadística?

El Instituto Nacional de Estadística es un Organismo Autónomo encargado de la realización de numerosas encuestas incluidas en el Plan Estadístico Nacional: Encuesta de Población Activa, Índice de Precios de Consumo, Encuesta de Presupuestos Familiares...

¿Es obligatorio colaborar con la Encuesta?

La Encuesta de Población Activa forma parte del Plan Estadístico Nacional, motivo por el que, según las Leyes 4/1990 y 13/1996, es obligatorio facilitar la información solicitada.

¿De dónde han obtenido los datos de las viviendas?

El INE dispone, a través del Padrón municipal de habitantes, de la relación de viviendas de cada municipio. Una vez seleccionadas las viviendas que formarán parte de la muestra, se consulta en el Padrón el nombre de las personas residentes en ellas y se remite una carta a una de estas personas (siempre mayor de edad).

¿Será confidencial la información que faciliten?

La Ley de la Función Estadística Pública lo garantiza, ya que el secreto estadístico constituye la garantía de confidencialidad. Todo el personal del INE tiene obligación de guardar secreto estadístico, no divulgando ninguna información que conozca en razón de su servicio. Una vez completados los cuestionarios, los datos son totalmente confidenciales y la información nunca será difundida de manera que pueda permitir identificar a una persona encuestada.

¿Dónde se puede solicitar más información?

Para cualquier información, puede dirigirse a la Delegación Provincial o llamar al teléfono gratuito 900 352 207. También puede consultar la página web del INE, www.ine.es, en la que podrá encontrar información sobre los productos elaborados por el INE, así como un apartado sobre las preguntas más frecuentes.

CSV : GEN-8b67-ff10-6847-7f79-6834-88d9-5686-9de5

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL FARIÑAS PEREZ | FECHA : 08/02/2022 13:56 | Sin acción específica





Enquisa de Poboación Activa

Para que serve esta Enquisa?

A Enquisa de Poboación Activa unha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, realizada polo INE desde 1964. A súa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados/as, parados/as) e tamén da poboación allea ao mercado laboral (inactivos/as).

Como foron seleccionadas as vivendas?

As vivendas foron seleccionadas polo INE seguindo un procedemento estritamente aleatorio, é dicir, ao chou. Deste xeito todos os fogares teñen a mesma probabilidade de seren incluídos na mostra. Polo mesmo motivo a mostra só é representativa se colaboran os fogares elixidos, sen omisións.

A mostra fórmana unhas 70.000 vivendas, representativas por provincias, comunidades autónomas e a nivel nacional. Cada vivenda representa, de media, unhas 200 vivendas.

Que é o Instituto Nacional de Estadística?

O Instituto Nacional de Estadística é un Organismo Autónomo encargado da realización de numerosas enquisas incluídas no Plan Estadístico Nacional: Enquisa de Poboación Activa, Índice de Prezos de Consumo, Enquisa de Orzamentos Familiares...

É obrigatorio colaborar coa Enquisa?

A Enquisa de Poboación Activa forma parte do Plan Estadístico Nacional, motivo polo que, segundo as Leis 4/1990 e 13/1996, é obrigatorio facilitar a información solicitada.

De onde obtiveron os datos das vivendas?

O INE dispón, a través do Padrón municipal de habitantes, da relación de vivendas de cada municipio. Unha vez seleccionadas as vivendas que formarán parte da mostra, consúltase no Padrón o nome das persoas residentes nelas e remítese unha carta a unha destas persoas (sempre maior de idade).

Será confidencial a información que faciliten?

A Lei da Función Estatística Pública garantízao, xa que o segredo estatístico constitúe a garantía de confidencialidade. Todo o persoal do INE ten a obriga de gardar o segredo estatístico e de non divulgar información ningunha que coñeza en razón do seu servizo. Unha vez completados o cuestionarios, os datos son totalmente confidenciais e nunca a información é difundida de xeito que poida permitir identificar a unha persona enquisada.

Onde pode solicitar máis información?

Para calquera información, pode dirixirse á Delegación Provincial ou chamar ao teléfono gratuito 900 352 207. Tamén pode consultar a páxina web do INE, www.ine.es, na que poderá atopar información sobre os produtos elaborados polo INE, ademáis dun apartado sobre as preguntas máis frecuentes.

CSV : GEN-8b67-ff10-6847-7f79-6834-88d9-5686-9de5

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL FARIÑAS PEREZ | FECHA : 08/02/2022 13:56 | Sin acción específica

